



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Se non me conoces  
eu son o ferreiro;  
traim'aquí o caldo  
polo vertedeiro.

Polo vertedeiro  
e a cunca fóra;  
deme tí, mi niña,  
quen te namora.

- É coma unha película, vino eu coma unha película.
- O ferreiro levabase mal ca muller?
- No, no. Claro, o ferreiro levábase mal ca muller e a muller trancoulle a porta, non me entende? E unha cousa coma unha película e foi verdá, mire. Eso é coma... o sea tiña, bueno levábase mal ca muller o ferreiro. Non é película que é verdá que o vin eu, sendo eu chaval.
- Despois, qué pasou?
- E entonces a música da película era esta. El cantáballe, chámase esto, voulle decir en ghallego, chámase, mire. E decíanlle á muller, a muller estaba na cama, bueno, era película, pero a muller estaba na cama e pecháralle a porta e o marido quedara fora e entón decíalle el por aí por aí polo... chisme de fóra e dicíalle el:

"Dáme lume Clara  
polo vertedeiro;  
se non me conoces,  
eu son o ferreiro."

"Se é-lo ferreiro  
sube pó sobrado;  
comera-lo caldo  
no medio ferrado."

"No medio ferrado  
e a cunca dentro  
dime tu rapaza  
o teu pensamento."

- A ver o que pensaba ela.